
DESPOIS DA CHUVIA

Texto e ilustracións de MIGUEL CERRO

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartón. 19,5 x 29 cm. 32 páx. 16 €.
Contén personaxe de agasallo para montar e xogar.

VIII PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO
LISTA DE HONRA IBBY 2018 (Ilustración)
LISTA DE HONRA CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil) 2016
SELECCIÓN BIENAL DE ILUSTRACIÓN DE BRATISLAVA 2017
PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA DE PORTUGAL (PNL)

Despois da chuvía (galego)

ISBN 978-84-8464-968-7. Premio Compostela.

Después de la lluvia (castelán)

ISBN 978-84-8464-967-0. Premio Compostela.

Després de la pluja (catalán)

ISBN 978-84-16804-01-6. Premi Compostela.

Eurla egin ondoren (éuscaro)

ISBN 978-84-7681-913-5. Compostela Saria.

Depois da chuva (portugués)

ISBN 978-989-749-055-2. Prémio Compostela.

Un pensiero dopo la pioggia (italiano)

ISBN 978-88-95933-89-4. Premio Compostela.

Houbo unha vez un bosque maravilhoso,

en que vivían toda clase de animais.

Un día, de súpeto, empezou a chover.

E cada vez chovía máis e máis e máis...

“Despois da chuvía” é unha fábula moderna sobre a superación das adversidades, a adaptación ao medio e a colaboración duns cos outros para a supervivencia do colectivo. Un diluvio inunda o bosque e os seus habitantes terán que saír adiante nun improvisado refuxio. Un pequeno raposo ofreceuse para buscar comida e auga, pero o grupo non cre nas súas capacidades nin nas súas intencións e encomenda esas tarefas a outros animais.

Na obra galardoada co VIII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado están presentes a solidariedade e o traballo en equipo na busca do ben común, que non depende do luxo, senón de elementos esenciais -e mesmo inmateriais- para atender as necesidades básicas.

Nunha lectura máis profunda, o raposo -identificado na literatura e na cultura popular como un ser astuto e enganoso- motiva a desconfianza dos seus compañeiros, aos que este personaxe acabará sorprendendo cunha valiosa achega que supera as expectativas de todos. O protagonista deste relato enterneceranos coa súa inocencia cando -inxenuamente- pretende conseguir o inacadable.

Miguel Cerro presenta unha historia elaborada dende o estudo minucioso dos personaxes, a estrutura do relato clásico e a composición das perspectivas. Destaca o protagonismo da natureza e os contrastes cromáticos antes e despois do temporal, ou entre o día e a noite.



■ **Temática:** superación das adversidades.

■ **Idade recomendada:** a partir de 6 anos.

■ **Aspectos destacables:** VIII Premio Compostela; supervivencia, ben común; solidariedade, cooperación fronte a sobreprotección; desconfianza, prexuízos.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/despois-da-chuvia-g>

Miguel Cerro

(Córdoba, 1985)

Técnico superior en Deseño Gráfico, ampliou a súa formación en varios cursos e talleres con ilustradores. Dedicase profesionalmente á ilustración e ao deseño gráfico dende 2008. Realizou numerosos traballos de deseño, publicidade e ilustración, especializándose en carteles e libros ilustrados. Como autor ou ilustrador publicou máis dunha ducia de obras, algunhas das cales recibiron premios e mencións en diversos concursos. Foi seleccionado para a Bienal de Bratislava 2015 e 2017 e para o Catálogo Iberoamericano de Ilustración 2013. Participou en exposicións realizadas en Madrid e Andalucía.

<http://miguelcerrocreacion.com>



www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com
